



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 20 de novembro de 2019, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, **CONSIDERA PERTINENTE** a inclusión na guía farmacoterapéutica das institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, da terapia para a **“Profilaxe pre-exposición (PrEP) ao VIH-1”**, cos medicamentos considerados de alto impacto, sanitario, social e económico:

EMTRICITABINA/ TENOFOVIR DISOPROXILO FUMARATO

na indicación de:

Profilaxe pre-exposición, en combinación con prácticas sexuais máis seguras, para reducir o risco de infección por VIH-1 adquirida sexualmente en adultos e adolescentes con alto risco, nas seguintes situacións:

1. Homes que teñen sexo con homes (HSH) e persoas transexuais VIH negativas maiores de 18 anos, que cumpran alo menos dous dos seguintes criterios:

- Máis de 10 parellas sexuais diferentes no último ano.
- Práctica de sexo anal sen protección no último ano.
- Uso de drogas relacionado co mantemento de relacións sexuais sen protección no último ano.
- Administración de profilaxe post-exposición en varias ocasións no último ano.
- Alo menos unha infección de transmisión sexual bacteriana no último ano.

2. Persoas que exercen a prostitución VIH negativas que refiran un uso non habitual do preservativo.

A utilización desta terapia realizarase no ámbito do **“PROGRAMA DA IMPLEMENTACIÓN DA PROFILAXE PRE-EXPOSICIÓN AO VIH EN GALICIA”**

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2019

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica



Comisións de farmacia e terapéutica dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde

